



## **Ricardo Varela fixo de guía na visita aos xardíns do Pazo de Ortigueira**

O arquitecto Ricardo Varela serviunos de guía no pazo vedrés de Ortigueira, en Santa Cruz de Ribadulla, o pasado 24 de maio.

A esta saída didáctica precedéraa unha charla divulgativa no centro.

O alumnado de 1.º da ESO, que participa activamente no proxecto **Vedra medra co feitizo do Camiño**, tivo ocasión de acceder pola porta norte e cruzar cara ao pazo os camiños bordeados de retículas de oliveiras.

Aínda que a explicación de Ricardo Varela se centrou na configuración do xardín histórico, non quixo deixar de lado algúns detalles como a existencia dun xardín privado, a condución de auga na fonte da Coca ou a importancia da eira e o hórreo no espazo tradicional agrario. Chegados ao xardín que rodea o pazo, descubriunos a gruta do ermitán e a súa función, así como os estanques, a cascada ou mesmo detalles das árbores centenarias que alí medran ou o banco de Jovellanos, entre outros.

Esta actuación enmárcase no programa de Educación Patrimonial "Mirando polo camiño", que promove a Consellería de Cultura e Educación e a Dirección Xeral do Patrimonio, e na que o CPI de Vedra está a participar este curso.

Xulia Marqués

Coordinadora do EDLG e de **Vedra medra**